



IMPROPIAS



Texto da comisaria de Impropias 17 MICE Museo do Pobo Galego

Mariana Hristova

A idea de convidar ao público da MICE a unha viaxe cinemática polas antigas terras soviéticas que actualmente se atopan en contextos e fronteiras diferentes aínda que conectadas por un pasado común que definiu a vida social, laboral e persoal dos seus e das súas habitantes, ocorrúseme antes do comezo da guerra en Ucraína. Os eventos trágicos na rexión recontextualizaron a selección, mais o seu enfoque e obxectivo segue igual: prestar atención á antropoloxía variada nestes países que comparten a súa historia recente; manter o diálogo cultural alén da política conflitiva. A través das olladas sutís e penetrantes de cinco cineastas, o programa desexa levar ao público a recunchos pouco coñecidos da antiga Unión Soviética, co foco dirixido cara a multiculturalidade do territorio, a vida día a día tres décadas despois da desintegración do estado unitario, así como a prover unhas perspectivas políticas e sociais.

O tema do traballo é central para a 17 edición da MICE, tal como foi no proxecto soviético. Construída segundo os conceptos de Marx quen consideraba o traballo unha actividade onde o individuo expresa a súa humanidade, a vida do “homo soviético” era definida pola súa profesión e ocupación laboral en moitos aspectos. Podemos dicir tamén que grazas á obsesión polo traballo na Unión Soviética – un esforzo e sacrificio común e inclusivo para toda a cidadanía soviética sen importar o seu xénero polo ben de construír “o novo mundo” – existen tantas mulleres directoras na rexión, historicamente e na actualidade. As rusas Mariña Razbezhkina e Natalia Meshchaninova, a xeorxiana Ketí Machavariani e a ucraína Nadia Parfan emerxeron e desenvolvéronse en épocas e contextos diferentes, mais parecen estar inevitablemente interconectadas pola valentía e a determinación na súa investigación antropolóxica, así como pola certeza da súa posición artística – demostran unha solidez, establecida por xeracións de mulleres traballadoras e intelectuais. A quinta directora nesta poderosa compañía é a sueca Anna Eborn quen a pesar da súa posición “externa”, non busca o exotismo dunha contorna presuntuosamente curioso, senón que escava a singularidade da situación humana que está a estudar. A directora está obviamente ben colocada no contexto, de maneira auténtica, talvez porque provén dun país onde tamén está en marcha un proxecto social extraordinario.

Tres das películas tratan da conexión directa entre os seus personaxes e o traballo. En “The Hope Factory” que ten lugar na cidade siberiana de Norilsk, fundada en 1935 maiormente para aloxar aos traballadores do complexo mineiro-metalúrxico, a vida dos personaxes depende en cada

aspecto da organización social e infraestrutural da cidade, que polo seu lado está definida pola industria na zona. “ The Heat Singers” conta cunha simbiose peculiar entre a expresión artística e as xornadas esgotadoras de traballo monótono nun sistema laboral obsoleto. “ Sunny”, pola súa banda, retrata a unha muller para quen o traballo é a maneira de seguir activa despois da xubilación, de manter un contacto vivo co mundo, mais tamén de entender mellor a sociedade que habita. As outras dúas películas inclúen o tema do traballo de maneira indirecta – a través do desemprego e da falta de oportunidades para a mocidade en “ Transnistra”, e mediante o retrato dun pobo illado no círculo polar con instalacións civilizadoras limitadas, onde vivir significa traballar e loitar constantemente polas comodidades básicas.

Aínda que representan realidades moi diferentes entre si, as cinco películas describen, a través de narracións de múltiples capas, personaxes que en certa medida son herdeiros ou participantes directos en experimentos sociais dun pasado afastado ou próximo. As directoras achéganse aos seus personaxes cun ton tenro e comprensivo, revelándonos mundos e destinos cos que podemos empatizar e identificarnos doadamente.

Transnistra

Anna Eborn. 2019 | Suecia | 93´

Filmada en 16 mm o que lle proporciona un toque nostálgico, Transnistra segue intimamente a un grupo de xente moza que pasa dun verán despreocupado a un inverno desapiadado no autoproclamado estado de Transnistria, onde a bandeira nacional aínda sostén a fouce e o martelo.

É un documental de ilusión sobre a vida interior dos e das adolescentes desfavorecidas en Transnistria, unha área que declarou unilateralmente a súa independencia de Moldavia despois do colapso da Unión Soviética, mais que segue sen ser recoñecida. Aínda que ostensiblemente esta declaración foi ocasionada pola unidade entre os e as habitantes, hai pouca evidencia disto. A directora sueca Anna Eborn revela a incerteza entre a mocidade. Deberían quedar ou irse? Dispoñen dos recursos necesarios para facelo?

Gañadora do Big Screen Competiton, Róterdam IFF, 2019

Holidays

Marina Razbezhkina. 2005 | Rusia | 52'

Dous nenos do pobo indíxena Mansi regresan á súa aldea da taiga para as vacacións do internado onde estudan e reciben atención médica. A través dos seus ollos observamos a vida cotiá Mansi do norte de Rusia na rexión de Sverdlovsk, máis concretamente no pobo de Treskolye onde non hai electricidade nas cabanas, nin servizos básicos, e o asentamento máis próximo está a 12 quilómetros a pé pola neve. Na secuencia máis impresionante seguimos a unha muller que arrastra a un neno ata alá nunha bolsa de coiro, rodeada polo denso bosque e a neve, mentres que os homes pasan o tempo en casa sen traballo e bebendo, confiando só na sabedoría dos curandeiros. As tradicións e a esperanza para unha vida longa e san preto da natureza están perdidas. A pesar de todo, as crianzas séntense moi felices de estar na casa coa súa familia.

Marina Razbezhkina é quizais a documentalista rusa contemporánea máis recoñecida no seu país e internacionalmente. Xunto coa directora e o director de cámara Irina Uralskaya e Iván Alferov, a cineasta logrou capturar da maneira máis auténtica posible o mundo Mansi esvacendo, non baixo o ataque da civilización moderna, senón debido á falta das súas instalacións básicas.

Estreada no festival Dok Leipzig, 2006.

Sunny

Keti Machavariani. 2020 | Xeorxia | 64'

A exmestra e actualmente entrevistadora de estudos sociolóxicos Mziuri, de 60 anos, chama ás portas dos e das habitantes de Tbilisi para gravar as súas opinións sobre temas actuais. Mziuri lévanos a través das estreitas rúas de Tbilisi e os feos distritos suburbios, mostrándonos varias estruturas de vivenda e condicións de vida. Xunto co personaxe principal da película, coñecemos as actitudes do pobo xeorxiano cara aos seus e as súas concidadáns, os seus puntos de vista sobre diversos temas políticos e cívicos, os seus medos e esperanzas. Ao final da película, a propia Mziuri convértese en enquisada e revela os seus soños.

En xeorxiano Mziuri significa "solleira". Na era soviética, o turismo coñecía a Xeorxia e, con frecuencia, chamábaa "Xeorxia solleira". A directora Keti Machavariani viu o xogo de palabras irónico entre esta frase e os temas máis preguntados no cuestionario de investigación social sobre os problemas e desafíos do país.

Mención de Honra do festival Hot Docs en Toronto, Canadá.

The Hope Factory

Natalia Meshchaninova. 2014. Rusia, 102'

A película está situada en Norilsk, unha cidade industrial, moi nórdica e tamén unha das devanditas “cidades pechadas” da antiga URSS que mesmo tras a súa disolución, mantén restrinxidas as visitas externas e as pernoitas sen unha autorización especial.

O personaxe central é unha moza, convencida de que a súa felicidade persoal depende directamente da súa localización. Está segura de que toda a súa vida cambiará a partir dun cambio do lugar. É unha historia de adolescentes de 17 anos que tentan manexar o seu propio destino, pero ninguén realmente ten suficientes cartos para desprazarse da súa pequena patria ao continente e seguir o gran soño.

O debut de Natalia Meshchaninova, alumna de Marina Razbezhkina e unha das directoras máis talentosas e orixinais na Rusia de hoxe, propón unha metáfora sobre esta cidade tan peculiar e as persoas que a habitan. Mentres a famosa empresa de minería MMC Norilsk Nickel procesa metais preciosos, a fábrica de soños, instalada nos cerebros dos heroes, produce esperanza. Non queda claro se funciona con éxito ou non.

Mellor película no Festival internacional de Vilna, competición Baltic Gaze, 2014.

The Heat Singers

Nadia Parfan. Ucraína. 2019. 63'

Un documental encantador e humorístico mais tamén serio, que equilibra o patriotismo e a dura realidade da clase traballadora na Ucraína contemporánea.

TeploKomunEnergó é unha empresa municipal de calefacción na cidade ucraína Ivano- Frankivsk. A maioría dos seus traballadores seguen na empresa desde o seu inicio e cinco días á semana ocúpense de radiadores rebentados, sotos asolagados e clientela enfadada. Excepto os mércores, cando as súas vidas quedan en suspenso ás tres da tarde por amor á música. Ao longo de moitos anos Ivan Vasyliovych foi o líder sindical de TeploKomunEnergó. A súa obra magna é o coro sindical de mecánicos, reparadores, despachadores e outros empregados, e Ivan está moi

orgullosos dos seus logros creativos. Durante tres anos a directora Nadia Parfan observaba habilmente como a cultura obreira e a calor humana poden servir como mecanismo de supervivencia en tempos de gran transición. A película explora como as estruturas sociais obsoletas que xa non encaixan na economía moderna continúan funcionando de maneira paradoxal.

Mellor documental 2020, Premios da Academia do cinema ucraíno.

MARIANA HRISTOVA é a comisaria de Impropias na 17 MICE Museo do Pobo Galego.

Crítica de cinema, xornalista cultural e programadora búlgara. Especializada no cinema dos países balcánicos e de Europa do Leste, e tamén con intereses no cinema de vangarda, amateur e subrepresentado. Colaboradora habitual de Cineuropa, East European Film Bulletin e Filmsociety.bg, titular do premio da crítica da web portal grega Altcine, membro de FIPRESCI e delegada de Camira para Bulgaria. Actualmente vive en Barcelona onde programou ciclos de películas de Europa do Leste e os Balcáns para o Festival de Curtametraxes e Animación de MECAL en Barcelona, Filmoteca de Catalunya, Arxiu Xcèntric de CCCB. Forma parte do comité de selección de Sheffield DocFest en Gran Bretaña e traballa tamén para o festival “ Eastern Neighbours” na Haia, Países Baixos e a FIAF - a Federación Internacional dos arquivos de cinema.